

non efectúen alegacións algunha, unha vez transcorrido o prazo señalado ó efecto, e en todo caso, cando o cidadan non figure empadroado en ningún municipio, a baixa só poderá levarse a cabo có informe favorable do Consello de Empadronamento” unha vez transcorrido o período de alegacións, remitirase o Consello de Empadronamento, toda a documentación que consta no expediente, con fin de que se emita informe favorable para realizar a baixa de oficio, de Don ABDERRAHMAN RAJOUANI.

Barreiros, 01 de Setembro de 2015. O Alcalde. José Alfonso Fuente Parga

R. 3401

FOLGOSO DO COUREL

Anuncio

Faise público que por esta Alcaldía con data 3 de xullo de 2015, ditouse a seguinte resolución, que literalmente di o que segue:

“Visto que esta Alcaldía por Resolución de data 26 de xullo de 2015 se delegou na Xunta de Goberno, entre outras, a seguinte competencia:

“O outorgamento e informe das licencias e demais autorizacións que sexan competencia da Alcaldía e as liquidacións tributarias que as mesmas conleven.”

Considerando que existen autorizacións que precisan dunha maior axilidade administrativa, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Avocar a competencia para autorización de festas populares e para substitución de vehículos adscritos ás licenzas de autotaxi, a cal foi delegada na Xunta de Goberno Local por Decreto anteriormente ditado con data 26 de xuño de 2015.

SEGUNDO.- Dar conta á Xunta de Goberno Local, desta Resolución na primeira sesión que se celebre e ao Pleno da Corporación

TERCEIRO.- Publicar esta Resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia aos efectos do seu coñecemento.”

Folgoso do Courel, a 23 de xullo de 2015. A Alcaldesa-Presidenta. Asdo. Dolores Castro Ochoa

R. 3402

Anuncio

CORRECCIÓN DE ERRO.

Advertido erro no B.O.P. nº 162 de 16 de xullo de 2015 no anuncio relativo a ACORDOS DE CARÁCTER ORGANIZATIVO DA CORPORACIÓN sobre RETRIBUCIÓN E INDEMNIZACIÓN DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN, no acordo SEGUNDO onde di “A.- Por asistencia a Plenos, Xunta de Goberno Local, comisións e outros órganos colexiados: sesenta e dous euros (72 €) por sesión ...” debe dicir “A.- Por asistencia a Plenos, Xunta de Goberno Local, comisións e outros órganos colexiados: setenta e dous euros (72 €) por sesión ...”.

En Folgoso do Courel a 3 de setembro de 2015. A Alcaldesa-Presidenta. Asdo. Dolores Castro Ochoa

R. 3403

LUGO

Anuncio

Por Decreto núm. 15007147 do día 9 de setembro aprobouse, entre outros a **CONTRATACIÓN DA PRODUCCIÓN INTEGRAL DE ESPECTÁCULOS DAS FESTAS PATRONAIS DE SAN FROILÁN 2015 ORGANIZADOS POLO CONCELLO DE LUGO. LOTE 1. PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA HORTA DO SEMINARIO. LOTE 2: PRODUCCIÓN ESPECTÁCULOS NA PRAZA DE SANTA MARÍA. LOTE 3: PRODUCCIÓN DE ESPECTÁCULOS NO PATIO DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DO CONCELLO (Exp. Ref. 35/2015).**

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) Organismo: Excmo. Concello de Lugo.

b) Dependencia que tramita o expediente: Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto** É obxecto deste contrato a prestación dun servizo de produción dos espectáculos organizados polo Concello de Lugo nas festas patronais de San Froilán 2015 segundo o prego de prescricións técnicas elaborado pola sección de cultura do Concello.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinaria

b) **Procedemento:** aberto

4.- **Tipo de licitación:** Para a determinación do custo total do contrato tense en conta para cada lote o persoal necesario para cada un así como os equipos e material necesario para o desenvolvemento das actividades, resultando un total para cada lote de:

LOTE 1: Producción espectáculos na praza Horta do Seminario

O valor estimado deste lote é de 74.586,78 euros mais o 21 % de IVE (15.663,22 €) polo que o presuposto do contrato é de 90.250 € (NOVENTA MIL DOUSCENTOS CINCUENTA EUROS), IVE incluído.

LOTE 2: Producción espectáculos na praza de Santa María

O valor estimado deste lote é de 64.545,45 euros mais o 21 % de IVE (13.554,54 €) polo que o presuposto do contrato é de 78.100 € (SETENTA E OITO MIL CEN EUROS), IVE incluído.

LOTE 3: Producción de espectáculos no patio do Edificio Administrativo do Concello.

O valor estimado deste lote é de 41.900,83 euros mais o 21 % de IVE (8.799,17 €) polo que o presuposto do contrato é de 50.700 € (CINCUENTA MIL SETECENTOS EUROS), IVE incluído.

Sobre estes prezos de licitación de cada lote os licitadores realizaran as súas ofertas.

O valor estimado total do contrato é de 181.033,06 euros.

5.- **Garantías:** definitiva 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

6. Condicións especiais de execución:**Obtención de documentación e información.**

a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.

c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.

e) **Telefax:** (982) 29-72-59.

f) **Dirección internet:** www.lugo.gal (perfil do contratante)

g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

a) **Data límite de presentación:** O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

9.- Apertura das ofertas.

a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) Data: ó primeiro día hábil ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 176,02 euros que serán por conta do adxudicatario.

Lugo, 9 de setembro de 2015 A ALCALDESA, P.D. TENENTA-ALCALDE DA AREA (Decreto nº 15005366)
Asdo.: Ana Prieto Nieto

R. 3426

PEDRAFITA DO CEBREIRO

Anuncio

Aprobación definitiva de modificación de crédito nº11/2015 por concesión de créditos extraordinario 4/CE/2015.

Finalizado o período de exposición ó público para poder examinar e presentar as oportunas reclamacións ó expediente de modificación de crédito nº 11/2015, dentro do orzamento municipal do ano 2015, aprobado inicialmente en sesión plenaria extraordinaria o día 29.07.2015, e tendo en conta que estivo exposto ó público durante o prazo de quince días a contar dende a súa publicación no Boletín da Provincia de Lugo (BOP nº 186) o día 14.08.2015 e no Tablón de anuncios do Concello, sen producirse reclamación algunha contra o mesmo. O mencionado expediente queda elevado a definitivo tal e como establece o artigo 169 do RDL 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e se fai público a modificación orzamentaria acordada.

CRÉDITO EXTRAORDINARIO

DENOMINACIÓN	PARTIDA	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	IMPORTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO	TOTAL PARTIDA
Mellora de espazos destinados a mercados tradicionais e ambulantes	450.619	519.738,80	33.100,00	552.838,80

O importe total da modificación de crédito financiarase co remanente líquido de tesourería para gastos xerais, calculado según o establecido na regra 83 da Instrución de contabilidade:

CONTROL DO REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS(RTGX)	IMPORTE €
Remanente Inicial:	2.388.733,18
Remanente Utilizado:	63.840,67
Remanente Líquido de Tesourería Dispoñible:	2.324.892,51
Remanente Líquido de Tesourería en esta modificación:	33.100,00
Resto de Remanente de Tesourería Dispoñible:	2.291.792,51

O que se fai público en cumprimento a normativa vixente, significando que contra a aprobación definitiva, as persoas lexitimadas poderán interpoñer recurso contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses dende o día seguinte a súa publicación deste anuncio.

En Pedrafita do Cebreiro, a 03 de setembro de 2015. O alcalde. Asdo.: José Luís Raposo Magdalena

R. 3404